

# Pelucas

Toñi Caseiro

Autor para correspondencia: [villarosavigo@hotmail.es](mailto:villarosavigo@hotmail.es)

Como citar este artigo: Caseiro, T. (2024). Pelucas. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 100-103

## Resumo

O artista, que prefire presentarse como Pelucas (Carlos Gómez Martín) ten obra repartidos por case toda España e tamén en Francia, Inglaterra, Italia, Portugal, Alemaña e México (especialmente muráis). Confesa o seu desencanto co panorama actual da arte urbana e manifesta a súa paixón pola arquitectura.

**Palabras clave:** Arte urbana, muralismo

## Abstract

The artist, who prefers to introduce himself as Pelucas (Carlos Gómez Martín), has works spread over almost all of Spain and also in France, England, Italy, Portugal, Germany and Mexico (especially murals). He confesses his disenchantment with the current landscape of urban art and expresses his passion for architecture.

**Keywords:** Urban art, muralism



Fig 1. Mural en Vigo.

Prefire presentarse como “Pelucas”, este artista polifacético é dos que opinan que os alcumes definen e din máis das persoas que o propio nome. O seu, o seu alcume, vén de cando era un adolescente fascinado polo movemento punk e levaba o pelo longo e encrespado. Defínese a si mesmo como un artista camaleónico e en continua aprendizaxe. Recoñece que é máis de “facer” que de pensar. Adaptable ás circunstancias e materiais dos que dispoña en cada momento, traballa moito coa improvisación e en presente, procurando gozar o máximo posible no proceso.



Fig 2. O artista no seu estudo.

Pelucas naceu na cidade de Vigo en 1980. Os seus pais, ela estremeña e el zamorano, trasladáronse á cidade olívica por traballo. Ten un irmán xemelgo, tamén artista, coñecido como Liqen. Lembra que ambos eran moi creativos de pequenos. “*No colexio debuxabamos moito e parece que non o facíamos mal*”, comenta. Con frecuencia gañaban os concursos de carteis das festas escolares e mesmo facían caricaturas dos profesores. Como a gran maioría dos nenos daquela xeración, eran adictos ás series de debuxos animados, aos cómics e a deseñar mundos fantásticos. Esa combinación tivo, dalgún xeito, unha grande influencia á hora de marcar o seu estilo artístico, unida tamén á súa fascinación temperá pola natureza, en especial polos insectos e as flores. Todos eses “micro-mundos” non pasan desapercibidos aos seus ollos e con frecuencia aparecen reflectidos nas súas obras.

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo na especialidade de escultura, Pelucas posúe un persoalísimo estilo. As súas obras de arte urbana, cerámicas, instalacións e pinturas, destacan pola vivacidade do seu cromatismo e por unha mitoloxía propia un tanto psicodélica.

Podemos atopar os seus murais repartidos por case toda España e tamén en Francia, Inglaterra, Italia, Por-



Fig 3. Anzuelo anclado - Mural na illa de Holbox. Iucatán, México.

tugal, Alemaña e México. Neste último país, o seu irmán Liqen fixou a súa residencia habitual e el tamén pasou e pasa longas tempadas. Pelucas comenta que alí vive nunha pequena vila onde a vida é cómoda e sinxela. As grandes cidades atafégano, sendo Vigo a urbe de maior tamaño na que viviu ata o momento.

Cando lle pregunto por como ve o panorama actual da arte urbana, en especial este “boom” do muralismo nas cidades, confésame que está bastante desencantado. “Cando empecei, a finais dos 90”, di, “había maior liberdade creadora. Deseñábanse murais moi tolos, moi libres, mesmo máis modernos que os de agora, pero desde hai, máis ou menos, quince anos, o muralismo institucionalizouse e estandarizouse. Á parte de todo iso, converteuse nun negocio moi lucrativo cuxos beneficios non recaen sempre nos artistas. Exércese ademais certa censura nos deseños, prima o politicamente correcto por encima da liberdade de expresión do artista. As institucións ven a arte moitas veces como mera decoración, e ademais a crítica social é moi forte. Agora todo se grava, fotógrafase e xúlgase. Creo que hai unha tremenda sobreexposición mediática que non sempre nos beneficia”.



Fig 4. Mural realizado para Kaldarte en Caldas de Reis.



É por iso que na actualidade apenas pinta na rúa. Agora está máis enfocado na pintura de estudo e prefire aceptar traballos que lle permitan expresarse libremente. Para el, asociar Arte e Liberdade é esencial. Afirmo que a arte, *“debería ser unha ferramenta para contrarrestar a desigualdade e a inxustiza neste mundo dominado polos intereses monetarios globalizadores”*.

Lamenta tamén o escaso apoio que en Galicia se lles brinda aos artistas locais. Considera que deberían levar a cabo proxectos con base e continuidade, que tivesen proxección, como se está facendo noutras comunidades. Pon como exemplo, a Genalguacil, unha pequena vila da provincia de Málaga, que se converteu nun referente no mundo da arte en toda España, transformándose nun museo ao aire libre onde as rúas se converteron en galerías de arte e moitas das súas casas son talleres de artistas ou espazos para a realización de proxectos culturais.

Para finalizar preguntolle polos seus proxectos a curto e medio prazo e tamén polos seus soños. Con respecto aos primeiros, comenta que está pendente de realizar unha exposición en México, algún mural máis alí e seguir traballando nos seus actuais encargos. En canto aos segundos, responde: *“Gustaríame deseñar un skatepark ou unha casa rara, singular, porque tamén me apaixona a arquitectura”*. Pero de momento confórmase con poder seguir traballando en proxectos que posúan as condicións óptimas para expresar o seu innegable talento sen limitacións e en liberdade.

